

O espectáculo “Coñece Europa con Kalopsia” recala este mércores 10 de abril en Boiro (e logo en Taragoña, Rois e Lousame)

08 Abril 2024


Contacontos

Para descubrir a UE dende o espazo exterior!

De 6 a 12 anos

10 de abril ás 18:00h
Concello de Boiro

teléfono 981 84 84 25



A Casa da Cultura de Boiro acolle este mércores 10 un espectáculo para que a rapazada coñeza máis a fondo, dun xeito enriquecedor e divertido, a realidade da UE e dos países que a integran. Trátase do contacontos *Coñece Europa con Kalopsia*, un obradoiro itinerante de narracións orais de índole familiar para nenos e nenas de 6 a 12 anos, organizado pola oficina Europe Direct A Coruña da Deputación. A cita será ás 18.00 horas na Casa da Cultura.

O espectáculo, que xa pasou por Dodro (o pasado 3 de abril) recalará tamén o martes 16 de abril ás 18.00 h no Centro Cultural e Deportivo de **Taragoña** en Rianxo; o 24 de abril no Auditorio de **Rois** ás 18h; e o venres 10 de maio na Casa da Cultura de Portobravo, en **Lousame**, ás 18h).

Trátase dun obradoiro de narracións orais que explica ao público infantil dunha maneira sinxela e entretida o funcionamento e valores da Unión Europea. Esta actividade realízase ao abeiro do programa *Europa no teu Concello da Deputación da Coruña*.

A sesión comezará cun achegamento a algúns relatos e libros infantís europeos para coñecer un pouco da tradición literaria da Unión Europea e as diferentes culturas que a compoñen. A continuación, o público poderá escoitar a narración do libro *Kalopsia. Un planeta non tan diferente: descubre Europa desde o espazo exterior*, editado pola Representación da Comisión Europea en España. O conto está concibido para que os nenos e nenas coñezan a orixe da Unión Europea e entendan que “a diversidade é un valor que nos enriquece”, sinalase dende a organización, engadindo que ao rematar os cativos converteranse en protagonistas e poderán xogar a formar os seus propios países e alianzas.

A actividade contará con intérprete de lingua de signos para garantir a accesibilidade.

O contacontos *Coñece Europa con Kalopsia* percorrerá quince municipios da provincia da Coruña nos vindeiros meses. Esta actividade forma parte da programación que Europe Direct A Coruña (Deputación) ofrece aos concellos adheridos á rede Europa no teu Concello e poderá verse en Cerceda, Narón, Carral, Dodro, Cariño, Boiro, Pontedeume, Rianxo, A Laracha, Negreira, Rois, Valdoviño, Padrón, Dumbría e Lousame.

PUBLICIDADE

dinahosting
hospeda este espazo web

O PORTAL DA LINGUA GALEGA

REVISTA EN PAPEL



Máis números

OPINIÓN



“Cigalas no seu hábitat”. Antón Luaces



“Las Comisiones de investigación”. José Castro López



Outros artigos

Prosegue a súa xira a mostra dixital Experiencia Europa (o 15 de abril en Porto do Son)

9 Abr 2024

A oficina Europe Direct A Coruña (Deputación da Coruña) organiza esta tempada unha iniciativa itinerante para amosar á cidadanía e ás entidades locais a realidade da transformación tecnolóxica na que está mergullada a UE: Experiencia Europa. Este proxecto forma parte...



Na Pobra entrega da Copa de Galicia e Acto Homenaxe a José Manuel Pomba

9 Abr 2024

Este xoves 11 de abril, a casa Museo Valle Inclán, na Pobra do Caramiñal, será marco da entrega da Copa de Galicia de Cruceiros ao Club Náutico Arousa Norte por parte da Real Federación Galega de Vela e que quedará en depósito nas vitrinas do concello pobrense. Este...



O Concello de Outes celebra o 17 de maio a súa XV Carreira Pedestre (inscricións abertas en cronotec.es)

9 Abr 2024

O Concello de Outes vai celebrar o 17 de maio a súa XV Carreira Pedestre...

O Laboratorio Ecosocial do Barbanza activa un ciclo de xornadas de voluntariado nos montes do comarca dirixidas a recuperar a biodiversidade

9 Abr 2024

maio, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, a XV edición da súa Carreira Pedestre. A convocatoria, segundo informa a Área de Deportes municipal, comezará ás 10.00 horas con saída e chegada na praza de Galicia...



2024

Trala presentación pública do proxecto que tivo lugar o pasado xoves 4 de abril no Consistorio de Rianxo, o Laboratorio Ecosocial do Barbanza convoca a primeira xornada de voluntariado nos montes do Barbanza para a eliminación de especies exóticas invasoras e a...



O Barbanza

Diario
dixital da
comarca

[Aviso legal](#) • [Política de privacidade](#) • [Política de cookies](#) •
[Declaración de accesibilidade](#) • [Contacto](#)



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia

Utilizamos cookies para ofrecerche a mellor experiencia na nosa web.

Podes aprender máis sobre que cookies utilizamos na nosa [política de cookies](#) ou desactivalas nos axustes.

Aceptar todas

Rexeitar

Configurar cookies